

## PERFIL DO CONTRATANTE

### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública en Albarellos (estrada saída Verín), Albarellos (igrexas), bar O Campo, Vilaza (autovía), Vilaza (río-bar Campo)", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xullo de 2009, co seguinte contido:

"Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública en Albarellos (estrada saída Verín), Albarellos (igrexas), bar O Campo, Vilaza (autovía), Vilaza (río-bar Campo)", obra financiada con cargo ao INEGA e ao Concello, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2009, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 17 de xullo de 2009, examínase a proposta de adxudicación que fai a mesa de contratación a favor de Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U., conforme á acta redactada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primero.-** Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Coruñesa de Ahorro Energético, S.L.U., por un importe de cento cincuenta e seis mil cento vinte e catro euros con cincuenta e nove céntimos (IVE e demais tributos incluídos).

**Segundo.-** Notificarlle este acordo aos licitadores e publicalo no perfil do contratante".

Monterrei, 22 de xullo de 2009

O alcalde,

José Luis Suárez Conde

